

# ACTIVIDADES 2020



## ACTIVIDADES ESTABLES

**CAMPAÑAS 11F | 8M | 25N**

**OBSERVATORIO DE IGUALDADE**

**ITINERARIO FORMATIVO VIRTUAL EN XÉNERO**

**PREMIOS EXERIA**

**PREMIOS GIRLGEEKCOVID**

**AXUDAS PARA ACTIVIDADES DOCENTES E DE SENSIBILIZACIÓN**

**CÁTEDRA FEMINISMOS 4.0**

**BOLETÍN DE IGUALDADE**

**CALENDARIO ANUAL**

Coñece as accións para avanzar na igualdade entre mulleres e homes que se levaron a cabo na Universidade de Vigo a través da **Unidade de Igualdade** durante o ano 2020.

Se queres coñecer en profundidade todo o noso traballo podes acceder a Memoria onde se recollen e describen polo miúdo as medidas levadas a cabo.

**Unidade de Igualdade**

Edif. Ernestina Otero 1º andar

Campus universitario Vigo

igualdade@uvigo.gal

986 813 419



# Entra en vigor o III Plan de igualdade entre Mulleres e Homes da Universidade de Vigo 2020-2024



O 20 de novembro foi aprobado o III Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes da Universidade de Vigo para o período 2020-2024.

O documento final foi elaborado tras avaliar o II Plan e abrir un proceso participativo accesible a todas as persoas da comunidade universitaria.

O plan está estruturado en catro eixes temáticos pensados para reducir a desigualdade de xénero. Contempla a execución de 38 accións nun prazo de catro anos.

## Sen datos, non hai políticas

Ademais do informe anual que analiza os datos da UVigo con perspectiva de xénero, reforzouse o Observatorio de Igualdade coa publicación de tres estudos .

- Valoración, percepción e impacto das políticas de igualdade entre mulleres e homes na UVigo
- Opiniós e actitudes dos homes da comunidade universitaria ante as violencias contra as mulleres
- Violencia estrutural contra as mulleres. Xénero e investigación científica na UVigo en tempos da covid-19

## O Calendario de Igualdade do 2020 dá a coñecer o Protocolo contra o acoso sexual e por razón de sexo da UVigo



O calendario é un recurso de información e sensibilización que se edita en formato dixital. Tamén se fan copias físicas que se distribúen entre o persoal da UVigo.